



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E
UNICEF COMITÉ ESPAÑOL PARA ACTUACIÓNS DE INCLUSIÓN SOCIAL
DA INFANCIA E DA ADOLESCENCIA NA HABANA VELLA.**

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais é a da potenciación dos axentes de cooperación ao desenvolvemento de Galicia co fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade.

(2) Antecedentes:

O Fondo de Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) é a principal organización internacional que traballa para promover os dereitos da infancia e conseguir cambios reais nas vidas de millóns de nenos/as, en calquera situación de emerxencia e crise humanitaria. UNICEF Comité Galicia é un dos comités que a nivel autonómico contribúen co traballo que se realiza en favor da infancia e na resposta ante emerxencias. UNICEF Comité Español é un dos 37 Comités Nacionais do Fondo das Nacións Unidas para a Infancia (UNICEF) Organismo Multilateral das Nacións Unidas, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para administrar e dispoñer dos seus bens a fin de poder levar a cabo os seus fins sociais e que está formado por 17 Comités autonómicos entre os que se atopa UNICEF Comité Autonómico de Galicia que contribúe co traballo que realiza no seu ámbito de actuación á defensa dos dereitos da infancia.

A Xunta de Galicia ten subscritos convenios con esta entidade en varias ocasións anteriores como resposta inmediata a crises humanitarias e principalmente destinados a sufragar gastos en axuda humanitaria.

(3) Finalidade



A finalidade do convenio que se acompaña é a de establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e UNICEF Comité Español para a execución do proxecto “fortalecemento dos contornos protectores da adolescencia con enfoque de dereitos e equidade na Habana Vella (Cuba)”, que ten como finalidade última a inclusión social e económica de adolescentes cubanos e o desenvolvemento das súas potencialidades, a través dun enfoque baseado nos dereitos e a corresponsabilidade”.

A través deste proxecto, preténdese fortalecer aos nenos e adolescentes en materias de dereitos da infancia e adolescencia, saúde integral, inclusión de persoas discapacitadas, educación para a sexualidade e prevención da violencia de xénero, incidindo na educación destes a través da realización de talleres.

(4) Obxecto

Mediante o presente convenio, realizaranse as seguintes actividades:

Talleres, itinerarios e outras accións de intercambio con adultos profesionais e actores sociais:

- Ano 2019:
 - o Adolescentes con discapacidades.
 - o Protección integral dos adolescentes.
 - o Dereitos da infancia e a adolescencia, 30 anos da Convención sobre os Dereitos do Neno.
- Ano 2020:
 - o Saúde integral dos adolescentes
 - o Adolescentes con discapacidades.
 - o Prevención da diferenza baseada no xénero.
 - o Dereitos da infancia e da adolescencia.

Talleres, itinerarios e outras accións de intercambio con adolescentes:

- Ano 2019:
 - o Inclusión de adolescentes con discapacidades
 - o Uso das TICs e protección integral en escenarios dixitais.





- o A cidade que habitamos. 500 anos da Habana.
- o 30 anos da Convención sobre os Dereitos do Neno.
- Ano 2020:
 - o Saúde integral dos adolescentes. Auto coidado.
 - o Protección Integral en escenarios dixitais.
 - o Cultura da paz na vida cotiá.
 - o Dereitos da infancia e da adolescencia.

Accións de comunicación e publicidade:

- Ano 2019:
 - o Exposición de resultados dos talleres creativos.
 - o Producción de artigos de visibilidade.
- Ano 2020:
 - o Exposición de resultados dos talleres creativos.
 - o Producción de artigos de visibilidade.

Adquisición do equipamento necesario para a realización das actividades.

(5) A especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e, aínda que dirixidas a un grupo de poboación específico pola súa idade, inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral por canto engaden un factor multiplicador na prevención da exclusión social e da cronificación da pobreza e xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 40.000 € (corenta mil euros), con seguinte desglose:

Aplicación	2019	2020
05.26.331A.490.0.	7.000,00	18.150,00
05.26.331A.790.0.	7.000,00	7.850,00
Total	14.000,00	26.000,00



(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Firmado electronicamente en Santiago de Compostela

